

### **Sistemas de Cualificación:**

- a) **Cualificación cuantitativa-1:** Nas probas de avaliación de estándares de aprendizaxe, cada actividade terá unha cualificación de 0 a 10 puntos. Sendo de 10 se a obtención do indicador de logro correspondente ao estándar de aprendizaxe é correcta, e se se cometen erros redúcese a nota en función dos fallos detectados.
- b) **Cualificación cuantitativa-2:** A través de actividades do alumnado na clase e da casa, traballos feitos en grupo ou individualmente, saídas ao encerado, así como a observación directa (interese, actitude, comportamento, asistencia).

Para a cualificación na **ESO** contará o 80% o apartado a) e o 20% o apartado b). A ausencia razoada dun apartado implica un peso do outro do 100%.

Para a cualificación no **BACH** contará o 90% o apartado a) e o 10% o apartado b). A ausencia razoada dun apartado implica un peso do outro do 100%.

### **Criterios de Cualificación:**

Para superar cada unha das avaliacións o alumnado deberá obter unha puntuación de cinco na suma ponderada dos distintos procedementos de cualificación (% cualificación cuantitativa-1 + % cualificación cuantitativa-2). De facérense varias probas escritas, a cualificación cuantitativa será a media simple ou ben poderá obterse como unha media ponderada sempre que se aclare previamente ao alumnado o peso de cada proba.

O **grao mínimo de consecución de cada standard** establécese no 30% (é dicir, se o standard se valora entre 0 e 10, ten que acadarse mínimo un 3).

Ademais dos contidos, en todas as probas e traballos, valorarase a expresión consonte estes parámetros: presentación correcta, coherencia (información precisa e clara), corrección gramatical (ortografía). Poderase descontar ata un máximo de dous (2) puntos sobre a cualificación global de cada proba ou traballo.

A **cualificación na avaliación ordinaria**, en xeral, será unha media ponderada das notas de cada unha das avaliacións ou a partir da nota dun exame final de toda a materia do curso (ao que irá todo aquel alumn@ que teña algunha avaliación suspensa ou, tendo todas aprobadas, que queira mellorar a súa nota). Tamén poderá terse en conta a evolución do alumno e o seu nivel de compromiso na consecución dunha avaliación positiva na materia.

En **2º de Bacharelato, Matemáticas II, a nota final na avaliación ordinaria** será: 20% álgebra, 30% xeometría, 30% análise e 20% estatística.

**En 2º de Bacharelato , Matemáticas Aplicadas II**, a nota final na avaliación ordinaria será: 30% álgebra, 30% análise e 40% probabilidade e estatística

Na materia de **Métodos estadísticos** de 2º de Bacharelato a nota final na avaliación ordinaria será: 90% participación na clase, asistencia a clase, e o 10% unha proba escrita.

Xefe de departamento

Jose M. Besada Porto